

As universidades galegas lévanse o protagonismo na sociedade do futuro

Miñones invitou onte aos tres reitores de Galicia a aproveitar o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno

LORENA REY
Santiago

O delegado do Goberno en Galicia, José Miñones, situou hoxe as universidades galegas como protagonistas na sociedade do futuro e apostou por elas na recuperación económica. Expresouse así en rolda de prensa tras unha xuntanza cos reitores da Universidade da Coruña, Julio Abalde; Santiago, Antonio López; e Vigo, Manuel Reigosa.

José Miñones defendeu a aposta do Goberno pola universidade e a investigación. Dous conceptos que unen as tres institucións galegas. “Temos por diante un camiño de enormes oportunidades que debemos aproveitar co Plan de Recuperación do Goberno, que aposta por darlle á Universidade un papel protagonista na que debe ser a sociedade do futuro: a do coñecemento e a innovación social”, engadiu.

O Executivo está comprometido coa universidade no ámbito legislativo, con medidas como a lei de Convivencia Universitaria ou a futura lei orgánica do Sistema Universitario. “Son un novo marco para achegar cada vez máis o sistema universitario aos novos retos sociais e laborais que temos por diante, en temas prioritarios da Axenda 2030 como a igualdade, a sustentabilidade ou a dixitalización”, continuou.

APOIO Á INVESTIGACIÓN. O delegado do Goberno cifrou en 126,4 millóns de euros o investimento do Executivo no último ano no espazo educativo superior de Galicia. Son

60,4 millóns de transferencias directas para investigación ou outros asuntos universitarios e 66 millóns nas bolsas de estudos correspondentes ao último curso académico para máis de 21.000 alumnas e alumnos. Unha contía que será maior para este curso, xa que o orzamento estatal para bolsas aumenta un 14%.

O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno suporá un impulso histórico para o noso país, que non se entendería sen a implicación da Universidade. O Ministerio de Ciencia vén de conceder 17 achegas para investigación ás tres universidades galegas por 12,3 millóns de euros. Son 3,5 millóns para 3 proxectos en Vigo, 2,4 millóns para 4 proxectos na Coruña e 6,4 millóns para 10 proxectos en Compostela.

“Onte mesmo abrimos o prazo para 885 achegas para formación do profesorado uni-

versitario en España. Con 84,5 millóns de euros, esta liña está orientada a futuros profesores que percibirán ata 1.600 euros ao mes ao longo de catro anos. Porque se confiamos nas nosas universidades tamén é porque temos o mellor profesorado, e apostamos polas novas xeracións”, explicou.

APOSTA POLO RURAL. Outro dos asuntos abordados foi o Programa Campus Rural. Aínda está en fase de construción pero conta con moi boa disposición das universidades. Grazas a esta iniciativa do Goberno, teremos prácticas universitarias de entre 3 e 5 meses con bolsas de 1.000 euros ao mes en concellos de menos de 5.000 habitantes.

“Combinamos, neste caso, a aposta polo rural e por afrontar o reto demográfico coa colaboración das universidades. Porque mirar cara o futuro en Galicia tamén su-

pón traballar para que vivir fóra dos núcleos urbanos non sexa unha traba, senón un valor diferencial tamén no ámbito da innovación e do coñecemento”, dixo.

Miñones asegurou que estas son só algunhas das primeiras liñas e programas abertos. Polo que animou os reitores a “traballar xuntos para presentar proxectos viables e non desaproveitar nin un só euro de todas as oportunidades que veñan da man do Plan de Recuperación”.

“A nosa universidade pública é un enorme valor para Galicia. Temos que coidalo e enraizalo no noso tecido social e económico, e para iso pido tamén o compromiso, lealdade e implicación real de todas as administracións, especialmente da Xunta, que ten unha enorme responsabilidade coas competencias educativas na nosa comunidade”, rematou.



Pola esquerda, Julio Abalde xunto a José Miñones, Antonio López e Manuel Reigosa